



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O vindeiro luns, **24 de xullo**, pecha o prazo de presentación de solicitudes do **programa Principia**, para a contratación de persoal para a realización de actividades de I+D+i por parte de empresas e organismos de investigación en Galicia (universidades, centros tecnolóxicos públicos e privados, etc.).

O obxectivo deste programa é, por un lado, favorecer a carreira profesional de persoal xove e suficientemente cualificado e, por outro lado, estimular a demanda no sector público e privado deste persoal para acometer proxectos de I+D+i.

O importe das axudas é de **10.000 euros por contrato**, durante un período mínimo dun ano. O persoal contratado debe ter unha idade comprendida entre os 18 e os 35 anos e estar en posesión dun **título universitario** ou de **formación profesional de grao superior**.

Pódense solicitar ata un máximo de 10 contratos por entidade e o **orçamento total** da convocatoria é de **1,1 millóns de euros**. Podes acceder a toda a información da convocatoria na seguinte **ligazón**.

Por outro lado, o mesmo luns publicarase no Diario Oficial de Galicia a convocatoria do **programa InnovaPeme** para financiar os custos das actividades incluídas nun Plan de Innovación de Pemes e microempresas. Podes consultar o borrador das bases e outra documentación na sección axudas da **web de GAIN**.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

